

RESOLUCIÓN do 12 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á conservación da contorna paisaxística e loita contra a erosión nos viñedos da Ribeira Sacra, e se convocan para o ano 2026. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (DOG N° 3, 07/01/2026)

Obxecto

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas destinada as persoas viticultoras inscritas no rexistro do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, pola súa contribución á conservación da contorna paisaxística e loita contra a erosión, e proceder á súa convocatoria para o ano 2026.

Estas axudas tramitaranse en réxime de **concorrenza non competitiva**.

O código de procedemento administrativo para dita axuda é **MR451B**

Persoas beneficiarias

Poderanse acoller a estas axudas as persoas que teñan a condición de persoa viticultora e estén inscritas como tal nos rexistros do Consello Regulador que xestiona a DOP Ribeira Sacra na data de publicación da axuda.

Contía das axudas

A contía da axuda será:

- máximo de 2.000 € por hectárea para o sistema de cultivo 1 (cultivo da vide en socalcos de pedra onde o traballo se realiza de forma non mecanizada)
- máximo de 1.000 € por hectárea para o sistema de cultivo 2 (cultivo da vide sen socalcos ou mediante traballo mecanizado)

Para o cálculo da axuda terase en conta a superficie de viñado en produción inscrita por cada persoa viticultora no Rexistro de Viñas do Consello Regulador DOP Ribeira Sacra na data de publicación desta resolución no DOG.

Cada persoa beneficiaria presentará unha única solicitude de axuda.

Como máximo a axuda non poderá ser superior a **50.000 € por persoa beneficiaria**.

Réxime de *minimis*

As axudas establecidas nesta orde quedan sometidas ao réxime de *minimis*.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto desde o **8 de xaneiro ata o 9 de febreiro de 2026**.